NEWS FROM HOME

[Chantal Akerman, 1976, Bélxica, 85 min., VOSE]

Lingua **Francés**
Dirección e guión **Chantal Akerman**
Montaxe **Francine Sandberg**
Fotografía **Jim Asbell, Babette Mangolte**
Produción **UNITE 3, Paradise Films, Institut National de l'Audiovisuel**
Distribución **Filmin**

Cando só contaba con 21 anos, Chantal Akerman instalouse durante uns meses en Nova York. Anos despois, tras o éxito de *Jeanne Dielman, 23, rue du Commerce, 1080 Bruxelles*, volveu á cidade norteamericana para filmar as súas rúas. Sobre estas imaxes, a propia Akerman le as cartas que a súa nai lle enviou desde Bruxelas no decorrer da súa primeira viaxe, cartas en que expresaba a preocupación pola filla e en que tamén lle comunicaba as novidades da familia e dos amigos.

Un belísimo retrato de Nova York, onde a cidade semella actuar para a cámara nunha coreografía de xente, arquitectura e sentimentos.

PROGRAMACIÓN DE MAIO

Martes 30 ás 20.30 h
TOUTE UNE NUIT
(Chantal Akerman, 1982, 87 min., VOSE)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #185
23.5.2023

NEWS FROM HOME

CHANTAL AKERMAN

CINECLUBE PONTEVEDRA

«Querida pequena, recibín a túa carta e agardo que me sigas escribindo. De todos xeitos, agardo que volvas pronto. Espero que todo siga ben e que atoparas traballo. Vexo que che gusta Nova York e que estás contenta. Por tanto, nós tamén estamos contentos, aínda que nos gustaría verte pronto. Dinos cando pensas volver. Por aquí todo segue igual, salvo que Sylvaine ten gripe e queda na casa, e eu non me atopo moi ben. Teño a tensión baixa e tomo pastillas e vitaminas. Hoxe é o meu aniversario e estou triste. É sábado, estamos na tenda, todo está tranquilo, aburrímonos. Esta noite iremos xantar con amigos, é todo o que farei polo meu aniversario. Pronto será o teu, deséxoche o mellor do mundo, ben o sabes. Escríbeme sobre o teu traballo e sobre todo, sobre Nova York. Estou impaciente por ter novas túas. Mandámosche apertas ben fortes os tres e pensamos en ti todo o tempo. A túa mamá que te quere.»

«Querida pequena, sorpréndeme moito non ter noticias túas. A última carta era de hai dez días. Pregúntome que pasou, sobre todo porque eu respondo inmediatamente e metín vinte dólares na carta. Espero que a recibiras. Escríbeme pronto coas túas noticias porque sabes que espero impacientemente. Vivo ao ritmo das túas cartas. Non me deixes sen noticias. Sonia tamén pregunta por ti, escríbelle algo, por favor. Querida, por aquí nada especial, o verán é estraño, non vai calor pero anuncian altas temperaturas para os próximos días. Os negocios van ben. Papá está preocupado sobre todo porque pediu un gran préstamo; e eu abúrrome na tenda. Sylviane rematou por fin os seus exames. Vén acompañarme. Todo o mundo está igual, así que esperamos. Esta noite non facemos gran cousa xa que Thèrese tamén está enferma, así que pasaremos a noite diante da televisión, como sempre. Querida, pensamos moito en ti e esperamos que todo vaia como desexas. Só che pedimos unha cousa: que non te esquezas de nós. Escribe. Miles e miles de abrazos. Papá, Sylviane e a túa nai que te quere.»

Cartas de Natalia Akerman a Chantal Akerman.

NEWS FROM HOME

Chantal Akerman rodou *News from Home* en 1976 en Nova York, inmediatamente despois do filme que a consagrara internacionalmente, *Jeanne Dielman, 23, Quai du Commerce, 1080 Bruxelles* (1975). Tratábase da segunda estancia na cidade dunha cineasta moi nova —nada en 1950— que entre 1971 e 1972 pasara alí varios meses, unha etapa crucial na súa vida, na medida en que lle servira para rodar a súa primeira longametraxe, *Hotel Monterrey* (1972), e impregnarse do ambiente vangardista do Anthology Film Archives e a moda estruturalista daquel tempo. A influencia de Andy Warhol ou Michael Snow é patente en *Hotel Monterrey*, filme mudo sen ningún tipo de comentario, nin sequera en forma de rótulos, no que Akerman filma ese inmoble neoiorquino en planos fixos ou en movemento moi coidadosamente compostos e que percorren o hotel desde o vestíbulo ata o último piso.

O mesmo ocorre en *News from Home*, que semella repetir o dispositivo do filme anterior, só que agora cunha elaborada banda de son. Akerman filma distintos escenarios da cidade de Nova York, fundamentalmente en Manhattan: rúas, avenidas, edificios ou os planos do metro, tanto das estacións coma do interior dos vagóns. A banda sonora confórmana os propios sons de ambiente, sempre moi en primeiro plano, e a lectura que a propia Akerman realiza das cartas que a súa nai lle foi enviando desde Bruxelas durante a súa primeira viaxe a Nova York en 1971/1972, a medida que a súa estancia na cidade se prolongaba. O ton das cartas explícase pola xuventude da cineasta naquela época (vinte e un ou vinte e dous anos) e pola preocupación materna polo seu estado de saúde, pola súa necesidade de diñeiro ou por contarlle as novidades familiares —os negocios, as vodas, as enfermidades—, sempre insistíndolle á súa filla para que lle escriba máis a miúdo. É así como dous tempos separados por catro ou cinco anos se superpoñen. Akerman le en francés e a súa lectura vese ás veces tapada polos sons do tráfico dunha cidade que semella querer impoñer sempre a súa presenza. As cartas aparecen de maneira discontinua, sen un patrón temporal determinado, por máis que na súa sucesión sigan unha orde cronolóxica. O seu contido tampouco se relaciona co percorrido pola cidade que agora en 1976 realizan Akerman e a súa operadora de cámara, Babette Mangolte.

Akerman e Mangolte filman cada escenario con cadros fixos. Ocorre que en ocasións a cámara está montada nalgún vehículo en marcha, que xa pode ser o metro, un coche que circula ao longo dunha avenida ou un ferri que se afasta de Manhattan. Nestes últimos dous casos, os planos duran o que o chasis da cámara de 16 mm, dez ou once minutos. O primeiro é un travelling lateral desde un coche que vai circulando ao ritmo que lle impón o tráfico da cidade (semáforos, atascos), deténdose de vez en cando. O segundo é un plano longo co que conclúe o filme. Montada sobre unha embarcación, a cámara vaise afastando de Nova York, cuxo skyline, un tanto borroso por culpa da néboa, vai xurdindo sobre o horizonte. O plano en si implica un sentido do afastamento, unha volta da cineasta á casa, tal e como lle reclamaba insistentemente a nai.

Recollido de *El cine después de Auschwitz. Representaciones de la ausencia en el cine moderno y contemporáneo*, de Jaime Pena. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.